



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Prácticas		Código	616G01045
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	teresa.pineiro@udc.es	
Profesorado	Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	teresa.pineiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O desenvolvemento de prácticas en entidades externas supón unha oportunidade para que @s futur@s graduad@s en Comunicación Audiovisual entren en contacto coa realidade laboral e adquiran habilidades dirixidas ao ámbito profesional. Co obxectivo de dotar ao alumnado de Comunicación Audiovisual dunha formación práctica, complementaria á académica, que lle permita desenvolver as competencias adquiridas ao longo da súa formación universitaria, téñense incorporado ditas prácticas externas como materia optativa no Plano de Estudos.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións. 2. Metodoloxías docentes que se manteñen. Todas. Neste senso, se o contexto o fixera preciso, poderían introducirse modificacións no plano formativo (derivados de cambios na modalidade ou suspensión temporal das prácticas) así como nas formas de tutorización establecidas para adaptarse a situación concreta de cada estudante/entidade de prácticas. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Resolución de dúbidas a través do correo electrónico e do campus virtual; tutorías personalizadas a través de Microsoft Teams e Moodle, previa concertación de día e hora por e-mail. 4. Modificacións na avaliación De forma excepcional no caso de que o contexto sanitario leve á cancelación das prácticas, e non haxa posibilidade de reubicar ao/á estudante noutra entidade, poderían someterse a avaliación sempre que se teña superado o 50% das horas establecidas para a materia. No caso de que a suspensión fose anterior ao desenvolvemento da metade da estadía de prácticas, proporíase un sistema de avaliación alternativo, de acordo coa normativa da Universidade, para superar a materia. Neste sistema proporíanse tarefas e actividades ao/a alumno/a en función dos seus intereses de especialización tendo en conta o perfil das prácticas na entidade e a súa situación persoal. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Habilidade para o uso e control de ferramentas tecnolóxicas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais e multimedia nas súas diferentes fases.	A1 A2 A3 A7 A8	B8	C3
Capacidade para deseñar, definir, completar proxectos audiovisuais e multimedia, así como para desenvolver problemas que poidan xurdir no desenvolvemento dos mesmo dun xeito eficaz.	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9	C2 C3
Habilidade para deseñar e xestionar estratexias de comunicación on e offline, tanto de xeito individual como en grupo, adaptándose ás diferentes plataformas e a súa linguaxe-forma.	A1 A2 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B3 B6	C1 C4
Capacidade de traballo en equipo e de facer partícipes ao equipo de posibles ideas destinadas á mellora do proxecto común para obter uns resultados determinados.		B2 B4 B6 B9	
Mellora das habilidades de organización e temporalización das tarefas e procedimentos, que leven a unha xestión máis eficiente do proxecto e dos recursos asociados a éste de xeito que calquera variación respecto á planificación se efectúe dun xeito completo e integrado.	A9 A11	B2 B3 B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Desenvolvemento das competencias adquiridas nas diversas materias do grao.	Os coñecementos postos en práctica variarán en función da entidade ofertante, así como do área ao que esté adscrito o/ a estudante.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A4 A8 A9 B3 B4 B6	2	4	6
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4	140	0	140
Atención personalizada		4	0	4



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Informe da actividade desenvolvida durante as prácticas preprofesionais. A súa estrutura e orientación, en función da tarefa desenvolvida e a entidade de destino, serán tratadas nas xuntanzas periódicas co titor académico, pero axustaranse, en todo caso, ao modelo oficial de Memoria Final do/a Alumno/a da UDC.



Traballos tutelados	A metodoloxía desenvolvida nas prácticas externas correrá a cargo da empresa, en función do Plano Formativo e das características e organización da mesma. En calquera caso para o desenvolvemento desta metodoloxía terase en conta: · REQUERIMENTOS Estar matriculad@, ou en condicións de facelo, na materia de "Prácticas". · EMPRESAS COLABORADORAS Dende outubro de 2021 a febreiro de 2022 daranse a coñecer, polas vías establecidas pola Facultade, aquelas prazas de prácticas que ofertan as entidades colaboradoras. Ditas ofertas incorporarán toda aquela información que poida resultar de interese para o alumnado solicitante: entidade ofertante, perfil da oferta, período de execución, horario, tipo de xornada semanal, se existe algún tipo de remuneración, etc. Cada empresa pode determinar as súas condicións para a oferta de prácticas, sendo preciso desenvolver un mínimo de 150 horas para superar a materia. Como parte do programa de aprendizaxe e servizo da UDC as persoas interesadas poderán facer prácticas en entidades sen ánimo de lucro, coas que a Universidade ten convenio, desenvolvendo tarefas estreitamente vinculadas á comunicación audiovisual -no seu sentido máis amplo- e ás competencias profesionais do Grao. Ditas entidades, así como o perfil de prácticas que ofertan, daranse a coñecer na xuntanza inicial (11 de outubro ás 18:35h.), na que se explicará o funcionamento da materia Prácticas, e a través de Moodle. Á marxe destas ofertas, o/a estudante pode solicitar o desenvolvemento de prácticas en entidades coas que a Universidade non ten establecido convenios. Neste caso, unha vez valorada a idoneidade da empresa proposta pola Comisión con competencias na materia, procederase á xestión do Convenio de Cooperación Educativa para que o estudante poda desenvolver unha estadía de prácticas en dita entidade. · PROCESO DE SOLICITUDE E SELECCIÓN DE PRÁCTICAS. Cada oferta de prácticas levará incorporada unha data límite de presentación de candidaturas. Rematado o prazo, inciarase o proceso de selección segundo estipule cada oferta de prácticas. · Selección pola Facultade. Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico, curriculum vitae e documentos acreditativos dos méritos alegados neste (diplomas de cursos, vida laboral, etc.) Sistema de selección: unha Comisión avaliará as candidaturas atendendo a criterios de excelencia académica. · Selección pola entidade concreta. Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico e curriculum vitae. · Sistema de selección: preselección da Facultade coa fin de comprobar o cumprimento dos requirimentos mínimos para as prácticas curriculares e selección por parte da entidade. Neste caso, será a empresa quen estipule o sistema de selección (a través do curriculum vitae, entrevista persoal coas persoas candidatas, proba de selección, etc.), reservándose o dereito de convocar soamente ás candidaturas que se axusten ao perfil requerido. Con independencia do sistema de selección, darase preferencia ao alumnado que non teña efectuado outras prácticas xestionadas por la Universidade, salvo que éstas no tiveran a duración precisa para o recoñecemento da materia. · ADXUDICACIÓN DE PRÁCTICAS.
---------------------	--



Unha vez rematado o proceso de selección, comunicárase a persoa candidata a súa condición de beneficiaria de ditas prácticas, sendo excluída automaticamente doutros procesos de selección en marcha.

Despois de comunicar a adxudicación, procederase á xestión de toda a documentación precisa para as prácticas. Asemade, aqueles estudantes que non teñan desenvolvida a matrícula na materia deberán formalizala e presentar un documento xustificativo antes do comezo das prácticas.

As prazas que queden desertas voltarán a ser ofertadas entre o alumnado matriculado e adxudicadas en función das súas preferencias.

O alumnado matriculado que non chegue a ser beneficiario dunha estadía de prácticas, terá ata febreiro de 2022 para efectuar unha solicitude de cambio de matrícula para outra materia optativa.

· RECOÑECIMIENTO

O alumnado que durante o verán de 2021 ou anteriores efectuou una estadía de prácticas grazas a Convenios de Cooperación Educativa entre a Universidade da Coruña (a nome da Facultade de Ciencias da Comunicación) e unha entidade colaboradora poderá solicitar o recoñecemento de dito período como prácticas curriculares equivalentes á materia "Prácticas".

Para elo deben cumprirse os seguintes requirimentos:

- Que teña efectuado a matrícula na materia "Prácticas".
- Que a estadía de prácticas teña sido igual ou superior a 150 horas.
- Que teña unha valoración positiva das prácticas por parte do tutor/a da entidade.
- Que entregue en tempo e forma a correspondente memoria, cuxa orientación e valoración correrá a cargo da titora académica.

En calquera caso, será a Comisión correspondente quen determine se, finalmente, terá lugar o recoñecemento de ditas prácticas extracurriculares como curriculares.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Portafolios do alumno	· TITORÍA Durante todo o período de prácticas o/a estudante contará cun titor/a da empresa, quen se encargará de velar pola súa aprendizaxe e orientalo/a no desenvolvemento das súas labores, resolvendo todas as súas dúbidas e/ou problemas. Tamén contará cunha titora interna (da Facultade), coa que o/a estudante deberá reunirse para a xestión das súas prácticas e, posteriormente, se encargará do seguimento do/a estudante no seu destino de prácticas. En función do posto desempregado e a entidade de destino, concertaranse unhas titorías periódicas (presenciais e/ou virtuais) para que o/a estudante informe á titora da súa evolución na empresa.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4	O/a titor/a da empresa elaborará un informe final, no modelo oficial da UDC, a fin de valorar as competencias adquiridas polo/a alumno/a durante as prácticas, segundo a escala numérica e ítems incluídos no sinalado formulario. A nota da simulación de prácticas fixarase a partir desa valoración das competencias adquiridas, ata un total de 8 puntos.	80
Portafolios do alumno	A4 A8 A9 B3 B4 B6	Deberase entregar unha memoria final do/a alumno/a con toda a información sobre as prácticas desenvolvidas, os coñecementos e competencias adquiridos en relación coa titulación, así como unha reflexión crítica sobre a súa aprendizaxe durante o período de prácticas preprofesionais. Nesta memoria tamén se incluírá un resumo-valoración das actividades-eventos que ao longo do curso sexan convocados como parte da materia. Esta memoria será avaliada pola titora de prácticas da Facultade ata un total de 2 puntos. Ademais da súa estrutura e contido, na avaliación da memoria-portafolio terase en conta a presentación, redacción e corrección ortografía.	20

Observacións avaliación



Para aprobar a materia cómpre ter aprobadas ambas as partes: memoria e "Traballos tutelados". No caso contrario só se podería recuperar a parte do "Portafolios" na segunda convocatoria (entrega antes do 28 de setembro).

Para a avaliación na primeira oportunidade cómpre que o alumnado finalice o período de prácticas e entregue a memoria antes do 5 de xullo. De non ser así pasaría a avaliarse na segunda oportunidade.

Debido ás características desta materia non se establecen sistemas de avaliación alternativos para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia se ben, sempre de acordo coa entidade de prácticas, podería terse en conta esta particularidade na elaboración do Plano Formativo.

O abandono das prácticas sen causa xustificada, con independencia do número de horas efectuadas, suporá un suspenso nos "Traballos tutelados" e -por tanto- na materia.

No caso de que este abandono estea xustificado, corresponderá á Comisión valorar a situación coa documentación pertinente aportada polo/a alumno/a e as persoas encargadas da súa titorización (entidade-facultade).

Calquera memoria que conte cun fragmento superior a unha frase copiado será anulada, co consecuente suspenso na materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	Como cada estadia de prácticas ten o seu propio perfil, recoméndase ao/á alumno/a acudir á bibliografía das materias relacionadas coas labores profesionais que desenvolve. En calquera caso, calquera cuestión nesta liña será solventada nas titorías periódicas. Respecto á información concreta da materia Prácticas, empregárase Moodle como canle de interacción entre o estudantado e a profesora responsable da materia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase que o/a alumno/a teña cursado e superado todas ou case todas as materias da titulación, especialmente aquelas que teñan relación directa coa praza de prácticas e as labores asignadas a esta. En calquera caso, toda cuestión nesta liña será solventada nas titorías periódicas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías